

22 | medioambiente

Galicia Ambiental achega 600 escolares á economía circular

A ENTIDADE SÚMASE TAMÉN Á CAMPAÑA DE #REFUGALOCERO PROMOVIDA POR ZERO WASTE

A Asociación Galicia Ambiental finaliza hoxe o seu programa de charlas de sensibilización ambiental e de divulgación da economía circular entre os máis novos con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente. Esta iniciativa nos centros escolares, que se iniciou en maio coa colaboración financeira da Fundación C&A, remata no CEIP Díaz Pardo de Culleredo e no Joaquín Rodríguez Otero, en Buño, e continuará no curso 19/20 pola alta demanda.

Este primeiro ciclo de conferencias percorreu toda a comunidade e estivo presente nun total de 36 colexios, nos que máis de 580 alumnos coñeceron os principios deste modelo, permitíndolles comezar a incorporalos xa no seu día a día e nas súas rutinas. Estes fundamentos van máis aló do concepto reduccionista das 3R (Reducir, Reutilizar e Reciclar), e propón abordar a cuestión dos residuos como parte dun ciclo no que aplicar a sustentabilidade ao uso e ao consumo dos recursos.

A maiores, esta iniciativa cumpre ademais o seu compromiso co programa Advanced Leadership Foundation, no que participa a entidade. Esta acción, impulsada pola asociación, está pensada para alumando dos últimos cursos de Primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos,



Charla nun dos centros educativos. Foto: ECG

cunhas presentacións que permiten un primeiro achegamento do alumnado a este novo concepto.

Este ciclo, que dende un principio tivo unha moi boa acollida, verá a luz a súa segunda edición no próximo mes de outubro co comezo do novo curso escolar 2019/2020.

Por outra banda, Galicia Ambiental tamén se une á campaña internacional Refugallo Cero, promovido por Zero Waste, co obxectivo de reducir ao máximo o consumo de plástico durante toda esta semana e pór en alerta dos problemas ambientais que xeran os refugallos dun só uso.

Deste modo, demostran a súa aposta firme por unha sociedade e uns espazos naturais desplastificados e que mudando pequenos hábitos cotiás do xeito de consumir se pode minimizar a achega destes artigos ao medio.